



REGULAMENTO DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, LIMPEZA DE TERREOS, EDIFICIOS E ESPAZOS PÚBLICOS.

CAPÍTULO I

Disposicións Xerais

Artigo 1.- Obxecto.

Este regulamento ten por obxecto a regulación:

da recollida de refugallos e lixos sólidos urbanos;

das actividades relativas á limpeza de vías e espazos públicos;

do mantemento e conservación de terreos, edificacións e instalacións de titularidade pública ou privada en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade.

Artigo 2.- Definicións.

2.1. Teñen a condición de refugallos ou lixos sólidos urbanos.

Están comprendidos no concepto de residuos sólidos urbanos, de conformidade con canto se dispón no artigo 4 da Lei 10/1997, do 22 de agosto de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia os seguintes:

Os residuos de orixe doméstico.

Os residuos xenerados en comercios, oficinas, e servizos.

Os residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.

Os residuos procedentes de lonxas, mercados, feiras, festexos, peregrinacións, excursións, acampadas ou actos similares.

Os mobles, enseres e electrodomésticos desbotados.

Os entullos de construción e obras menores de reparación domiciliaria.

En xeral, todos aqueles residuos dos que a súa recollida, transporte, almacenamento, tratamento ou depósito controlado corresponda ós municipios de acordo co establecido expresamente na Lei de bases de réxime local e demais disposicións vixentes.

2.2. Quedan excluídos do ámbito da citada Lei os seguintes:

Os residuos radiactivos.

Os residuos procedentes de actividades industriais.

Os residuos resultantes da prospección, extracción, tratamento e almacenamento de recursos minerais e da explotación de canteiras.



CONCELLO DE BEGONTE

As materias fecais e outras sustancias naturais non perigosas das explotacións agrícolas e gandeiras que se utilicen exclusivamente no marco da explotación agraria.

Os residuos xenerados pola actividade especificamente sanitaria en hospitais, clínicas e ambulatorios.

Os efluentes líquidos vertidos ás augas continentais e ó mar.

Os efluentes gaseosos emitidos na atmósfera.

Os aceites de motor e os usados tanto domésticos como de hostelería.

2.3. Consideranse mobles e enseres domésticos, aqueles obxectos que sen ser tóxicos ou perigosos, constitúen utensilios e mobiliario xeral do fogar como poden ser, entre outros: mobiliario en xeral, electrodomésticos, xoguetes, aparellos musicais, pequenas ferramentas caseiras e agrícolas, etc...

Non se consideran enseres as máquinas agrícolas nin os vehículos a motor, ou pezas dos mesmos, parrillas dos establos, as rodas, etc...

Tampouco se consideran enseres domésticos as menciñas, as pilas, etc...

Artigo 3.- Limpeza de vías urbanas e espazos públicos.

A limpeza da rede viaria urbana e dos espazos públicos e a recollida do lixo que se orixine neles realizaraas o concello directamente ou, se procede, a través das empresas xestoras deses servicios públicos mediante calquera das formas de xestión indirecta administradas pola Lei de contratos das Administracións Públicas.

Artigo 4.- Limpeza de inmobles e espazos privados.

A limpeza das rúas, espazos e terreos de dominio particular corresponderalles ós seus donos.

Os propietarios e os ocupantes dos inmobles de natureza urbana (vivendas, naves, edificacións e construcións anexas calquera que sexa o seu uso ou destino, estean ou non ocupadas), deberán mantelas en condicións axeitadas de seguridade, salubridade e ornato público, quedándolles totalmente prohibido manter neles lixos, residuos sólidos urbanos, entullos ou maleza.

Iguais obrigas de limpeza e mantemento recaen sobre os propietarios de terreos situados en solos clasificados como urbanos, urbanizables e solos de núcleos rurais, non podendo depositar nos mesmos, residuos sólidos urbanos, entullos e calquera clase de lixo.

Os titulares dominicais e, no seu defecto, catastrais, deberán mantelos en todo momento limpos de maleza.

Artigo 5.- Prohibicións

Está totalmente prohibido;

Botar ó chan das vías e dos espazos públicos calquera clase de lixo;

Botar ás beirarrúas e calzadas calquera clase de refugallo ou líquido procedente da limpeza de locais e vivendas;



CONCELLO DE BEGONTE

Botar nas papeleiras líquidos ou lixos sólidos que pola súa natureza e dimensións sexan inadecuados para aqueles recipientes;

Por en colectores destinados á recollida selectiva materiais ou lixos distintos dos previstos; e

Fedellar nos colectores e papeleiras ou manipularlos, ou realizar calquera acto que supoña o seu estrago ou deterioro.

Verter xurros nas vías e camiños públicos e nas cunetas.

Verter ou deixar depositada terra nas vías públicas de titularidade municipal, incluso cando proveñade labores agrícolas

Verter ou depositar libremente ou sin metelos en bolsas, nos colectores de lixo residuos sólidos, así como ningunha clase de líquidos.

Depositar fora dos colectores as bolsas de lixos sólidos urbanos, vidros, papel-cartón e envases lixeiros.

Depositar en edificios, construcións, solos urbanos, urbanizables e de núcleos rurais residuos sólidos urbanos ou calquera outro lixo e entullo.

Sen prexuízo das sancións que procedan, as persoas que causen danos nas papeleiras e colectores municipais deberán indemnizarlle ó concello. A indemnización será determinada e esixida por vía administrativa.

Artigo 6.- Outras prohibicións

Tamén está prohibido realiza-las seguintes actividades:

Lavar, limpar e amañar automóbiles, e cambiárlle-lo aceite e outros líquidos nas vías e espazos públicos.

Sacudir alfombras, esteiras ou calquera outro elemento nas vías públicas urbanas ou desde unha fiestra, balcón ou terraza que dea sobre ela.

Tirar terras e verter xurros nas vías públicas.

Artigo 7.- Limitacións da publicidade na vía pública e nos equipamentos públicos

Non está permitido realizar actos de propaganda ou publicidade que comporten o repartimento ou lanzamento de carteis, follas ou calquera outro elemento impreso nas vías e espazos públicos.

Tampouco está permitido realizar actos de propaganda ou publicidade que comporten pegar, prender ou pendurar carteis, facer pintadas e pór folletos nas fachadas dos edificios públicos ou no mobiliario e nos equipamentos urbanos (por exemplo, en farolas, colectores, bancos e marquesiñas).

Serán responsables da infracción das normas contidas nos dous apartados anteriores os que promovan ou xestionen aqueles actos, e, na falta deles, as persoas ou entidades a prol das que se faga a publicidade.

Exceptúanse das disposicións contidas nos apartados 1 e 2 anteriores:



CONCELLO DE BEGONTE

os actos que constitúan propaganda electoral nos períodos e nos lugares sinalados conforme á Lei; e aquelas outras actividades que polo seu especial relevo político ou polo interese público e xeral implicado requiran a realización daquelas formas de publicidade. Nestes casos será necesaria a autorización expresa do concello.

As actividades de venda ambulante debidamente autorizadas.

Artigo 8.- Obrigas dos titulares de establecementos.

Os establecementos permanentes ou de tempada, os ocasionais e os desmontables situados en vías ou espazos públicos están obrigados a manter sempre limpo o lugar no que desenvolvan as súas actividades e mailo seu contorno.

Esa obriga tamén lles incumbe ós titulares de cafés, bares, fondas, restaurantes e outros establecementos públicos en canto á superficie da vía ou espazo público que ocupen con mesas, cadeiras e outros elementos, así como en canto á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada.

Os titulares de establecementos nos que se desenvolvan actividades que polas súas características orixinen papeis, impresos, plásticos, envolturas ou refugallos semellantes porán papeleiras ou recipientes para o lixo nun lugar destacado dos seus locais coa finalidade de que os usuarios destes non os boten á vía pública.

Artigo 9.- Circulación de automóbiles.

Os titulares e conductores de automóbiles que leven calquera clase de materiais que pola súa natureza poidan verterse, caer ou espallarse sobre a vía pública están obrigados a toma-las medidas necesarias para evitalo e, se é o caso, a recolle-los materiais que se desprendan e a limpa-el área afectada.

Cando os automóbiles de transporte saian de lugares en obras e vaian circular por vías de titularidade municipal, deberán limpa-las rodas e baixos para que non lixen as rúas.

Igual obriga se establece a respecto dos vehículos agrícolas logo das labores de labranza.

Cando se realicen traballos forestais –corta de árbores, transporte, etc...- os particulares ou sociedades que os realicen veñen obrigados a limpa-los restos que poidesen caer para a vía pública.

CAPÍTULO II Recollida de lixo

Artigo 10.- Servicio de titularidade municipal.

O Concello, directamente ou a través da empresa xestora do servizo, realizará a recollida e o transporte de lixos sólidos domiciliarios e semellantes cos itinerarios, frecuencia e horarios que se determinen, ós que se lles dará publicidade para o seu coñecemento polos veciños, especialmente cando se produzan modificacións.



CONCELLO DE BEGONTE

Ningunha persoa física ou xurídica se poderá dedicar á recollida, transporte e aproveitamento de lixos sólidos sen a concesión ou autorización do concello, previa inscrición no rexistro de xestores de lixos sólidos autonómico correspondente.

O servizo de recollida de lixos sólidos urbanos é un servizo de recepción obrigada para tódolos veciños e para os titulares de bens inmobles urbanos e actividades radicadas no concello, e xa que logo virán obrigados ó pago das taxas que se establezan, agás cando o colector máis próximo se sitúe a unha distancia superior a seiscentos metros "na zona rural" da vivenda ou local onde se xeneran.

Artigo 11.- Disposición do lixo para a súa recollida.

Os produtores e posuidores de lixos sólidos urbanos deberán dispoñer para a súa recollida no tipo de recipiente normalizado que en cada caso sinala o concello en atención á natureza dos refugallos, ás características do sector ou vía pública e á planificación do servizo.

O Concello adquirirá a propiedade do lixo desde a súa entrega e recollida, calquera que sexa a forma da prestación do servizo.

Nas áreas, lugares ou barrios onde a recollida se faga mediante colectores de titularidade municipal, os usuarios están obrigados a usalos con coidade e a mantelos en adecuadas condicións de hixiene, e son responsables do deterioro que lles causen pola súa culpa ou negligencia. Todo iso sen prexuízo da limpeza e desinfección periódica deles, que realizarán os servizos municipais.

Os usuarios deberán dispor sempre do lixo mediante bolsas perfectamente pechadas e sen líquidos, agás nos seguintes supostos:

Depósito de papeis e cartóns: realizarase dos colectores especificamente establecidos para tal finalidade. Antes de proceder ó depósito dos mesmos deberán cortarse e atarse convenientemente, coa finalidade de reducir o volume ocupado. En ningún caso poderán depositarse fóra dos contenedores. Cando os colectores estean cheos, os usuarios deberán almacenar os papeis ou cartóns en dependencias propias ata a vindeira recollida.

Igual réxime rexe para o depósito de vidros.

Plásticos de silos: Os plásticos de silos situaránse, nos días sinalados polo concello, en lugares accesibles para o camión recolector, dobrados e atados. O Concello poderá establecer lugares concretos de depósito destes plásticos no término municipal.

Mobiliario e enseres domésticos: Deberán depositarse convenientemente ampliados nos lugares e nos días que a tal efecto se sinalen.

Artigo 12.- Obriga de adquisición e uso de colector normalizado.

O concello, por resolución da Alcaldía, a proposta do Concelleiro Delegado do Servizo, poderá obrigar ós establecementos comerciais ou industriais e ás comunidades de propietarios que reúnan



CONCELLO DE BEGONTE

determinadas características a adquiriren e a utilizaren colectores específicos normalizados para o depósito do seu lixo.

Artigo 13.- Danos e perdas derivados do lixo

Os produtores e posuidores de lixos sólidos urbanos quedarán exentos de responsabilidade polos danos e perdas que se poidan derivar deles, sempre que cumpran as normas reguladoras do seu depósito e entrega.

Artigo 14.- Lixos tóxicos e perigosos

Cando os lixos sólidos urbanos presenten características que os fagan tóxicos ou perigosos, ó produtor deles ven obrigado a darlles o tratamento que ordena a normativa sectorial aplicable a esa clase de refugallos.

Artigo 15.- Depósito e recollida selectiva do lixo

O Concello poderá dispor que en todo ou en parte do territorio municipal, se depositen por separado en recipientes especiais os lixos susceptibles de distintos tratamentos ou aproveitamentos, como papel-cartón, envases lixeiros, vidro, metais, plásticos e outros.

O Concello programará campañas de concienciación cidadá coa finalidade de responsabilizar ós veciños sobre o impacto ecolóxico do consumo, produción e tratamento de lixos.

Artigo 16.- Horario e condicións de depósito de lixo

O depósito nos colectores non se poderá facer antes de dúas horas do paso do automóbil de recollida nin fóra do horario sinalado en cada caso por resolución da Alcaldía.

Os colectores de lixo particulares deberanse pór onda o edificio ou local que os use co obxecto de evitarlles perxuizos e molestias ós outros veciños.

Nos lugares e rúas ós que non poidan accede-los automóviles de recollida, os usuarios deberán leva-los recipientes ós sitios máis próximos a onde cheguen os citados vehículos, que lles serán sinalados polos servicios municipais.

CAPÍTULO III

Lixos especiais

Artigo 17.- Definición de lixos industriais

Terán a consideración de lixos industriais, os previstos na lexislación sectorial reguladora dos mesmos e, en todo caso, os que se deriven directa ou indirectamente dun proceso industrial ou fabril. Están incluídos neste suposto, entre outros, os aceites usados de motores, e os de orixe doméstica ou da hostelería, rodas e neumáticos, restos de materias primas empregadas nos procesos industriais, os que polas súas características non sexan inertes ou semellantes ós lixos urbanos e, en xeral, os que supoñan un risco potencial para a saúde pública e o medio ambiente.



Artigo 18.- Obrigas dos produtores e posuidores de lixos industriais.

Os produtores ou posuidores de lixos industriais especiais están obrigados a adoptaren as medidas precisas para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación e, se é o caso, aproveitamento deles se faga sen risco para as persoas e o medio ambiente.

Estes lixos deberán ser depositados en vertedoiros de seguridade ou eliminados na forma que legalmente corresonda segundo a súa natureza.

Artigo 19.- Xestión de lixos industriais

A xestión dos lixos de orixe industrial que teñan a consideración legal de tóxicos ou perigosos deberase facer a través dunha empresa debidamente autorizada e de conformidade coas disposicións da normativa sectorial correspondente.

Artigo 20.- Cascallos e entullos extraordinarios

Prohíbese pór nos recipientes normalizados destinados a lixos domiciliarios os cascillos ou entullos procedentes de calquera clase de obras, actividades ou industrias.

Tampouco se poderán pór nas vías e espazos públicos os entullos de calquera clase de obras de construción, reforma, amaño ou derrubamento de edificios ou movementos de terras.

Artigo 21.- Recollida de mobles e enseres domésticos

Os mobles e enseres domésticos definidos no artigo 2º deste regulamento, non se poden pór nas vías e espazos públicos, agás nos días e lugares sinalados polo concello, e ne forma prevista neste regulamento e nas resolucións que en desenvolvemento do mesmo poida dictar a Alcaldía.

As persoas que desexen que lles recollan deberán solicitalo no Concello, que lles sinalará o día e hora para a súa entrega.

Artigo 22.- Automóbiles abandonados

Está prohibido abandonar nas vías ou espazos públicos calquera clase de automóbiles, ou restos deles.

Enténdense como abandonados os automóbiles -ou as partes deles- situados en vías ou espazos públicos que non son aptos para circular e que presentan signos evidentes de deterioro, carecen de placas de identificación ou permanecen durante 6 meses ou máis en idéntica situación.

Os servizos municipais retirarán os automóbiles -ou restos deles- que incumplan esta disposición, previo requirimento ó seu dono -se é coñecido- e por conta do obrigado.



CAPÍTULO IV

Limpeza de terreos e edificios

Artigo 23.- Obrigas dos donos de terreos e inmobles particulares.

Os donos, titulares catastrais, arrendatarios, usufrutuarios dos terreos a que se fai referencia no artigo 4º deste regulamento, deberán mantelos sempre limpos e en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade. Igual obriga se establece para os donos titulares catastrais, arrendatarios, usufrutuarios de edificios construcións e instalacións.

O Concello poderá ordenar, de oficio ou por solicitude de calquera persoa interesada, a execución das obras ou traballos necesarios para repor ou conservar aquelas condicións, co sinalamento do prazo de realización e con advertencia de execución subsidiaria polo propio concello e a cargo do obrigado.

O incumprimento do deber regulado neste artigo suporá a iniciación do correspondente expediente sancionador, coa imposición da multa que corresponda segundo a lexislación aplicable.

Artigo 24.- Limpeza de elementos lindeiros coa vía pública.

Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou calquera outro elemento dun inmovible lindeiro coa rúa, deberanse adoptar as precaucións necesarias para non molestar aos usuarios da vía pública nin lixas esta.

Artigo 25.- Limitacións en materia de publicidade.

Coa finalidade de preservar o medio ambiente natural e urbano en boas condicións estéticas, está prohibido a publicidade que sexa visible desde as zonas de dominio público das estradas e camiños, a non ser nos treitos urbanos. Neste último caso, a publicidade instalarse con suxeición á normativa municipal aplicable.

CAPÍTULO V

Dereito sancionador

Artigo 26.- Suxeitos responsables

Son suxeitos responsables do incumprimento ou infracción das normas contidas neste regulamento as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas e as comunidades deben a quen sexa imputable a conduta infractora nos términos establecidos neste capítulo.

As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles coa existencia de reposición, con cargo ó infractor, das situacións ou bens danados.

O requerimento de reposición será tramitado no mesmo expediente sancionador ou en expediente separado, neste derradeiro suposto, logo dos actos de instrución axeitados en orde a determinación da responsabilidade e previa audiencia ó interesado, o Sr. Alcalde-Presidente dictará resolución na que concerte a situación ou ben a repoñer, prazos e forma de efectuala.



CONCELLO DE BEGONTE

Artigo 27.- Definición e clases de infraccións administrativas.

Constitúen infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñen as disposicións contidas neste regulamento. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 28.- Procedemento sancionador.

A imposición de sancións esixirá a tramitación do oportuno expediente sancionador, de conformación co que dispón a Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e a súa normativa complementaria, nomeadamente o Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Artigo 29.- Infraccións moi graves.

Constitúen infraccións moi graves:

- a reincidencia na comisión de tres faltas graves no período de dous anos.
- a obstrución ou impedimento ó labor inspector do concello;
- o vertido de lixos e refugallos en lugares non autorizados;

Artigo 30.- Infraccións graves

Constitúen infraccións graves:

- a reincidencia na comisión de tres faltas leves no período de dous anos.
- a realización de actos de manipulación ou deterioro do equipamento da recollida de lixo.
- o incumprimento das normas sobre depósito residuos sólidos urbanos.
- o abandono de mobles, animais mortos ou automóbiles nas vías ou nos espazos públicos.
- a vulneración das prohibicións que se establecen polos artigos 4, 5, 6, 9 e 11 deste regulamento.

Artigo 31.- Infraccións leves

A colocación de carteis e a realización de inscricións e pintadas en lugares nos permitidos. a realización de actos de propaganda mediante repartimento ou lanzamento de carteis ou folletos en vías e espazos públicos; e constitúe tamén infracción leve calquera outro incumprimento das disposicións deste regulamento que non estea cualificado como moi grave ou grave.

Artigo 32.- Sancións

As infraccións leves poderán ser sancionadas con apercibimento e multa de ata 300 euros; as graves, con multa de 300 a 900 euros; e as moi graves, con multa de 900 a 1800 euros.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



REGLAMENTO DEL SERVICIO DE RECOGIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, LIMPIEZA DE TERRENOS, EDIFICIOS Y ESPACIOS PÚBLICOS.

CAPÍTULO I

Disposiciones Generales

Artículo 1.- Objeto.

Este reglamento tiene por objeto a regulación:

de la recogida de desechos y basuras sólidos urbanos;

de las actividades relativas a la limpieza de vías y espacios públicos;

del mantenimiento y conservación de terrenos, edificaciones e instalaciones de titularidad pública o privada en buenas condiciones estéticas, de salubridad y de seguridad.

Artículo 2.- Definiciones.

2.1. Tienen la condición de desechos o basuras sólidos urbanos.

Están comprendidos en el concepto de residuos sólidos urbanos, de conformidad con cuanto se dispone en el artículo 4 de la Ley 10/1997, de 22 de agosto de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia los siguientes:

Los residuos de origen doméstico.

Los residuos generados en comercios, oficinas, y servicios.

Los residuos procedentes de la limpieza de las vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas y playas.

Los residuos procedentes de lonjas, mercados, ferias, festejos, peregrinaciones, excursiones, acampadas o actos similares.

Los muebles, enseres y electrodomésticos descartados.

Los escombros de construcción y obras menores de reparación domiciliaria.

En general, todos aquellos residuos de los que su recogida, transporte, almacenamiento, tratamiento o depósito controlado corresponda a los municipios de acuerdo con el establecido expresamente en la Ley de bases de régimen local y demás disposiciones vigentes.

2.2. Quedan excluidos del ámbito de la citada Ley los siguientes:

Los residuos radiactivos.

Los residuos procedentes de actividades industriales.

Los residuos resultantes de la prospección, extracción, tratamiento y almacenamiento de recursos minerales y de la explotación de canteras.



CONCELLO DE BEGONTE

Las materias fecales y otras sustancias naturales no peligrosas de las explotaciones agrícolas y ganaderas que se utilicen exclusivamente en el marco de la explotación agraria.

Los residuos generados por la actividad específicamente sanitaria en hospitales, clínicas y ambulatorios.

Los efluentes líquidos vertidos a las aguas continentales y al mar.

Los efluentes gaseosos emitidos en la atmósfera.

Los aceites de motor y los usados tanto domésticos como de hostelería.

2.3. Se consideran muebles y enseres domésticos, aquellos objetos que sin ser tóxicos o peligrosos, constituyen utensilios y mobiliario general del hogar como pueden ser, entre otros: mobiliario en general, electrodomésticos, juguetes, aparatos musicales, pequeñas herramientas caseras y agrícolas, etc...

No se consideran enseres las máquinas agrícolas ni los vehículos a motor, o piezas de los mismos, parrillas de los establos, las ruedas, etc...

Tampoco se consideran enseres domésticos los medicamentos, las pilas, etc...

Artículo 3.- Limpieza de vías urbanas y espacios públicos.

La limpieza de la red viaria urbana y de los espacios públicos y la recogida de la basura que se origine en ellos las realizará el ayuntamiento directamente o, si procede, a través de las empresas gestoras de esos servicios públicos mediante cualquiera de las formas de gestión indirecta administradas por la Ley de contratos de las Administraciones Públicas.

Artículo 4.- Limpieza de inmuebles y espacios privados.

La limpieza de las calles, espacios y terrenos de dominio particular les corresponderá a sus dueños.

Los propietarios y los ocupantes de los inmuebles de naturaleza urbana (viviendas, naves, edificaciones y construcciones anexas cualquier que sea su uso o destino, estén o no ocupadas), deberán mantenerlas en condiciones idóneas de seguridad, salubridad y ornato pública, quedándoles totalmente prohibido mantener en ellos basuras, residuos sólidos urbanos, escombros o maleza.

Iguales deberes de limpieza y mantenimiento recaen sobre los propietarios de terrenos situados en suelos clasificados cómo urbanos, urbanizables y suelos de núcleos rurales, no pudiendo depositar nos mismos, residuos sólidos urbanos, escombros y cualquier clase de basura.

Los titulares dominicales y, en su defecto, catastrales, deberán mantenerlos en todo momento limpios de maleza.

Artículo 5.- Prohibiciones

Está totalmente prohibido;

Echar al suelo de las vías y de los espacios públicos cualquier clase de basura;



CONCELLO DE BEGONTE

Echar a las aceras y calzadas cualquier clase de desecho o líquido procedente de la limpieza de locales y viviendas;

Echar en las papeleras líquidos o basuras sólidas que por su naturaleza y dimensiones sean inadecuados para aquellos recipientes;

Por en colectores destinados a la recogida selectiva materiales o basuras distintas de los previstos; y Remecer en los colectores y papeleras o manipularlos, o realizar cualquier acto que suponga su estrago o deterioro.

Verter purines en las vías y caminos públicos y en las cunetas.

Verter o dejar depositada tierra en las vías públicas de titularidad municipal, incluso cuando provengan de labores agrícolas.

Verter o depositar libremente o sin meterlos en bolsas, nos colectores de basura residuos sólidos, así como ninguna clase de líquidos.

Depositar había sido de los colectores las bolsas de basuras sólidas urbanas, vidrios, papel-cartón y envases ligeros.

Depositar en edificios, construcciones, suelos urbanos, urbanizables y de núcleos rurales residuos sólidos urbanos o cualquiera otra basura y escombros.

Sin perjuicio de las sanciones que procedan, las personas que causen daños en las papeleras y colectores municipales deberán indemnizarle al ayuntamiento. La indemnización será determinada y exigida por vía administrativa.

Artículo 6.- Otras prohibiciones

También está prohibido realizar las siguientes actividades:

Lavar, limpiar y arreglar automóviles, y cambiarles el aceite y otros líquidos en las vías y espacios públicos.

Sacudir alfombras, esteras o cualquiera otro elemento en las vías públicas urbanas o desde una ventana, balcón o terraza que dé sobre ella.

Tirar tierras y verter estiércol en las vías públicas.

Artículo 7.- Limitaciones de la publicidad en la vía pública y en los equipamientos públicos

No está permitido realizar actos de propaganda o publicidad que comporten el reparto o lanzamiento de carteles, hojas o cualquiera otro elemento impreso en las vías y espacios públicos.

Tampoco está permitido realizar actos de propaganda o publicidad que comporten pegar, prender o colgar carteles, hacer pintadas y poner folletos en las fachadas de los edificios públicos o en el mobiliario y en los equipamientos urbanos (por ejemplo, en farolas, colectores, bancos y marquesinas).



CONCELLO DE BEGONTE

Serán responsables de la infracción de las normas contenidas en los dos apartados anteriores los que promuevan o gestionen aquellos actos, y, en la falta de ellos, las personas o entidades a favor de las que se haga la publicidad.

Se exceptúan de las disposiciones contenidas en los apartados 1 y 2 anteriores:

los actos que constituyan propaganda electoral en los períodos y en los lugares señalados conforme a la Ley; y aquellas otras actividades que por su especial relieve político o por el interés público y general implicado requieran la realización de aquellas formas de publicidad. En estos casos será necesaria la autorización expresa del ayuntamiento.

Las actividades de venta ambulante debidamente autorizadas.

Artículo 8.- Deberes de los titulares de establecimientos.

Los establecimientos permanentes o de temporada, los ocasionales y los desmontables situados en vías o espacios públicos están obligados a mantener siempre limpio el lugar en el que desarrollen sus actividades y el su contorno.

Ese deber también les atañe a los titulares de cafés, bares, hondas, restaurantes y otros establecimientos públicos en cuanto a la superficie de la vía o espacio público que ocupen con mesas, caderas y otros elementos, así como en cuanto a la acera correspondiente a la longitud de su fachada.

Los titulares de establecimientos en los que se desarrollen actividades que por sus características originen papeles, impresos, plásticos, envolturas o desechos semejantes pondrán papeleras o recipientes para la basura en un lugar destacado de sus locales con la finalidad de que los usuarios de estos no los echen a la vía pública.

Artículo 9.- Circulación de automóviles.

Los titulares y conductores de automóviles que lleven cualquier clase de materiales que por su naturaleza puedan verterse, caer o desparramarse sobre la vía pública están obligados a tomar las medidas necesarias para evitarlo y, si es el caso, a recoger los materiales que se desprendan y la limpiar el área afectado.

Cuando los automóviles de transporte salgan de lugares en obras y vayan circular por vías de titularidad municipal, deberán limpiar las ruedas y bajos para que no ensucien las calles.

Igual deber se establece a respeto de los vehículos agrícolas luego de las labores de labranza.

Cuando se realicen trabajos forestales -tala de árboles, transporte, etc...- los particulares o sociedades que los realicen vienen obligados a limpiar los restos que pudiesen caer para la vía pública.



CAPÍTULO II Recogida de basura

Artículo 10.- Servicio de titularidad municipal.

El Ayuntamiento, directamente o a través de la empresa gestora del servicio, realizará la recogida y el transporte de basuras sólidas domiciliarias y semejantes con los itinerarios, frecuencia y horarios que se determinen, a los que se les dará publicidad para su conocimiento por los vecinos, especialmente cuando se produzcan modificaciones.

Ninguna persona física o jurídica se podrá dedicar a la recogida, transporte y aprovechamiento de basuras sólidas sin la concesión o autorización del ayuntamiento, previa inscripción en el registro de gestores de basuras sólidos autonómico correspondiente.

El servicio de recogida de basuras sólidos urbanos es un servicio de recepción obligada para todos los vecinos y para los titulares de bienes inmuebles urbanos y actividades radicadas en el ayuntamiento, y por tanto vendrán obligados al pago de las tasas que se establezcan, excepto cuando el colector más próximo se sitúe a una distancia superior a seiscientos metros “en la zona rural” de la vivienda o local donde se generan.

Artículo 11.- Disposición de la basura para su recogida.

Los productores y poseedores de basuras sólidos urbanos deberán disponerlos para su recogida en el tipo de recipiente normalizado que en cada caso señale el ayuntamiento en atención a la naturaleza de los desechos, a las características del sector o vía público y a la planificación del servicio.

El Ayuntamiento adquirirá la propiedad de la basura desde su entrega y recogida, cualquier que sea la forma de la prestación del servicio.

En las áreas, lugares o barrios donde la recogida se haga mediante colectores de titularidad municipal, los usuarios están obligados a usarlos con cuidado y a mantenerlos en adecuadas condiciones de higiene, y son responsables del deterioro que les causen por su culpa o descuido. Todo eso sin perjuicio de la limpieza y desinfección periódica de ellos, que realizarán los servicios municipales.

Los usuarios deberán disponer siempre de la basura mediante bolsas perfectamente cerradas y sin líquidos, excepto en los siguientes supuestos:

Depósito de papeles y cartones: se realizará de los colectores específicamente establecidos para tal finalidad. Antes de proceder al depósito de los mismos deberán cortarse y atarse convenientemente, con la finalidad de reducir el volumen ocupado. En ningún caso podrán depositarse fuera de los contenedores. Cuando los colectores estén llenos, los usuarios deberán almacenar los papeles o cartones en dependencias propias hasta la próxima recogida.

Igual régimen rige para el depósito de vidrios.



CONCELLO DE BEGONTE

Plásticos de silos: Los plásticos de silos se situarán, en los días señalados por el ayuntamiento, en lugares accesibles para el camión recolector, doblados y atados. El Ayuntamiento podrá establecer lugares concretos de depósito de estos plásticos en el término municipal.

Mobiliario y enseres domésticos: Deberán depositarse convenientemente ampliados en los lugares y en los días que a tal efecto se señalen.

Artículo 12.- Deber de adquisición y uso de colector normalizado.

El ayuntamiento, por resolución de la Alcaldía, la propuesta del Concejal Delegado del Servicio, podrá obligar a los establecimientos comerciales o industriales y a las comunidades de propietarios que reúnan determinadas características a adquirir y a utilizar colectores específicos normalizados para el depósito de su basura.

Artículo 13.- Daños y pérdidas derivados de la basura

Los productores y poseedores de basuras sólidos urbanos quedarán exentos de responsabilidad por los daños y pérdidas que se puedan derivar de ellos, siempre que cumplan las normas reguladoras de su depósito y entrega.

Artículo 14.- Basuras tóxicas y peligrosas

Cuando las basuras sólidas urbanas presenten características que los hagan tóxicos o peligrosos, al productor de ellos ven obligado a darles el tratamiento que ordena la normativa sectorial aplicable a esa clase de desechos.

Artículo 15.- Depósito y recogida selectiva de la basura

El Ayuntamiento podrá disponer que en todo o en parte del territorio municipal, se depositen por separado en recipientes especiales las basuras susceptibles de distintos tratamientos o aprovechamientos, como papel-cartón, envases ligeros, vidrio, metales, plásticos y otros.

El Ayuntamiento programará campañas de concienciación ciudadana con la finalidad de responsabilizar a los vecinos sobre el impacto ecológico del consumo, producción y tratamiento de basuras.

Artículo 16.- Horario y condiciones de depósito de basura

El depósito en colectores no se podrá hacer antes de dos horas del paso del automóvil de recogida ni fuera del horario señalado en cada caso por resolución de la Alcaldía.

Los colectores de basura particulares se deberán poner en el edificio o local que los use con el objeto de evitarles prejuicios y molestias a los otros vecinos.

En los lugares y calles a los que no puedan acceder los automóviles de recogida, los usuarios deberán llevar los recipientes a los sitios más próximos a donde lleguen los citados vehículos, que les serán señalados por los servicios municipales.



CAPÍTULO III

Basuras especiales

Artículo 17.- Definición de basuras industriales

Tendrán la consideración de basuras industriales, los previstos en la legislación sectorial reguladora de los mismos y, en todo caso, los que se deriven directa o indirectamente de un proceso industrial o fabril. Están incluidos en este supuesto, entre otros, los aceites usados de motores, y los de origen doméstico o de la hostelería, ruedas y neumáticos, restos de materias primas empleadas en los procesos industriales, los que por sus características no sean inertes o semejantes a las basuras urbanas y, en general, los que supongan un riesgo potencial para la salud pública y el medio ambiente.

Artículo 18.- Obligaciones de los productores y poseedores de basuras industriales.

Los productores o poseedores de basuras industriales especiales están obligados a adoptar las medidas precisas para asegurar que el transporte, tratamiento, eliminación y, si es el caso, aprovechamiento de ellos se haga sobre seguro para las personas y el medio ambiente.

Estas basuras deberán ser depositadas en escombreras de seguridad o eliminados en la forma que legalmente corresponda según su naturaleza.

Artículo 19.- Gestión de basuras industriales

A gestión de las basuras de origen industrial que tengan la consideración legal de tóxicos o peligrosos se deberá hacer a través de una empresa debidamente autorizada y de conformidad con las disposiciones de la normativa sectorial correspondiente.

Artículo 20.- Escombros y escombros extraordinarios

Se prohíbe poner en los recipientes normalizados destinados a basuras domiciliarias los escombros o escombros procedentes de cualquier clase de obras, actividades o industrias.

Tampoco se podrán poner en las vías y espacios públicos los escombros de cualquier clase de obras de construcción, reforma, adcentamiento o derrumbamiento de edificios o movimientos de tierras.

Artículo 21.- Recogida de muebles y enseres domésticos

Los muebles y enseres domésticos definidos en el artículo 2º de este reglamento, no se pueden poner en las vías y espacios públicos, excepto en los días y lugares señalados por el ayuntamiento, y en forma prevista en este reglamento y en las resoluciones que en desarrollo del mismo pueda dictar la Alcaldía.

Las personas que deseen que se los recojan deberán solicitarlo en el Ayuntamiento, que les señalará el día y hora para su entrega.

Artículo 22.- Automóviles abandonados

Está prohibido abandonar en las vías o espacios públicos cualquier clase de automóviles, o restos de ellos.



CONCELLO DE BEGONTE

Se entienden como abandonados los automóviles -o las partes de ellos- situados en vías o espacios públicos que no son aptos para circular y que presentan signos evidentes de deterioro, carecen de placas de identificación o permanecen durante 6 meses o más en idéntica situación.

Los servicios municipales retirarán los automóviles -o restos de ellos- que incumplan esta disposición, previo requerimiento a su dueño -si es conocido- y por cuenta del obligado.

CAPÍTULO IV

Limpieza de terrenos y edificios

Artículo 23.- Obligaciones de los dueños de terrenos e inmuebles particulares.

Los dueños, titulares catastrales, arrendatarios, usufructuarios de los terrenos la que se hace referencia en el artículo 4º de este reglamento, deberán mantenerlos siempre limpios y en buenas condiciones estéticas, de salubridad y de seguridad. Igual deber se establece para los dueños titulares catastrales, arrendatarios, usufructuarios de edificios construcciones e instalaciones.

El Ayuntamiento podrá ordenar, de oficio o por solicitud de cualquier persona interesada, la ejecución de las obras o trabajos necesarios para reponer o conservar aquellas condiciones, con el señalado del plazo de realización y con advertencia de ejecución subsidiaria por el propio ayuntamiento y a cargo del obligado.

El incumplimiento del deber regulado en este artículo supondrá la iniciación del correspondiente expediente sancionador, con la imposición de la multa que corresponda según la legislación aplicable.

Artículo 24.- Limpieza de elementos colindantes con la vía pública.

Cuando se realice la limpieza de escaparates, puertas, marquesinas, toldos o cualquiera otro elemento de un inmueble colindante con la calle, se deberán adoptar las precauciones necesarias para no molestar los usuarios de la vía pública ni ensuciar esta.

Artículo 25.- Limitaciones en materia de publicidad.

Con la finalidad de preservar el medio ambiente natural y urbano en buenas condiciones estéticas, está prohibido poner publicidad que sea visible desde las zonas de dominio público de las carreteras y caminos, a no ser en los trechos urbanos. En este último caso, la publicidad se instalará con sujeción a la normativa municipal aplicable.

CAPÍTULO V

Derecho sancionador

Artículo 26.- Sujetos responsables

Son sujetos responsables del incumplimiento o infracción de las normas contenidas en este reglamento las personas físicas o jurídicas, públicas o privadas y las comunidades deben a quién sea imputable a conducta infractora en los términos establecidos en este capítulo.



CONCELLO DE BEGONTE

Las responsabilidades administrativas que se deriven del procedimiento sancionador atardecen compatibles con la exigencia de reposición, con cargo al infractor, de las situaciones o bienes dañados. El requerimiento de reposición será tramitado en el mismo expediente sancionador o en expediente separado, en este último supuesto, luego de los actos de instrucción acomodados en orden a determinación de la responsabilidad y previa audiencia al interesado, el Sr. Alcalde-Presidente dictará resolución en la que concierte la situación o bien a reponer, plazos y forma de efectuarla.

Artículo 27.- Definición y clases de infracciones administrativas.

Constituyen infracciones administrativas los actos u omisiones que contravengan las disposiciones contenidas en este reglamento. Las infracciones se clasifican en muy graves, graves y leves.

Artículo 28.- Procedimiento sancionador.

La imposición de sanciones exigirá la tramitación del oportuno expediente sancionador, de conformación con el que dispone la Ley de régimen jurídico de las Administraciones Públicas y su normativa complementaria, nombradamente el Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

Artículo 29.- Infracciones muy graves.

Constituyen infracciones muy graves:

- la reincidencia en la comisión de tres faltas graves en el período de dos años.
- la obstrucción o impedimento a la labor inspectora del ayuntamiento;
- el vertido de basuras y desechos en lugares no autorizados;

Artículo 30.- Infracciones graves

Constituyen infracciones graves:

- la reincidencia en la comisión de tres faltas leves en el período de dos años.
- la realización de actos de manipulación o deterioro del equipamiento de la recogida de basura.
- el incumplimiento de las normas sobre depósito residuos sólidos urbanos.
- el abandono de muebles, animales muertos o automóviles en las vías o en los espacios públicos.
- la vulneración de las prohibiciones que se establecen por los artículos 4, 5, 6, 9 y 11 de este reglamento.

Artículo 31.- Infracciones leves

- A colocación de carteles y la realización de inscripciones y pintadas en lugares en los permitidos.
- la realización de actos de propaganda mediante repartimiento o lanzamiento de carteles o folletos en vías y espacios públicos; y constituye también infracción leve cualquiera otro incumplimiento de las disposiciones de este reglamento que no esté calificado como muy grave o grave.



CONCELLO DE BEGONTE

Artículo 32.- Sanciones

Las infracciones leves podrán ser sancionadas con apercibimiento y multa de hasta 300 euros; las graves, con multa de 300 a 900 euros; y las muy graves, con multa de 900 a 1800 euros.

DISPOSICIÓN FINAL

Este reglamento entrará en vigor después de que se publique enteramente su texto en el Boletín Oficial de la Provincia y transcurra el plazo de quince días a que se refieren los artículos 70.2 y 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local.